REPASO CCSS 5º

1 **As estacións do ano son consecuencia do movemento de...**

a. rotación da Terra. **b.** translación da Terra. **c.** a Lúa.

2 **No movemento de translación, a Terra tarda en completar unha volta...**

a. un ano. **b.** un día. **c.** 28 días.

3 **A capa rochosa da Terra é a...**

a. biosfera. **b.** codia. **c.** xeosfera.

4 **O desgaste das rochas e dos solos pola acción do vento ou da auga chámase...**

a. erosión. **b.** transporte. **c.** sedimentación.

5 **En España existen os climas...**

a. oceánico, mediterráneo e de montaña.

b. oceánico, mediterráneo, subtropical e de montaña.

c. oceánico, mediterráneo e subtropical.

6 **Nas zonas costeiras as temperaturas son...**

a. máis moderadas ca nas zonas de interior.

b. máis extremas ca nas zonas de interior.

c. semellantes ás das zonas de interior.

7 **A latitude dun lugar indícanos a...**

a. localización dese lugar na Terra.

b. distancia que separa ese lugar do meridiano de Greenwich.

c. distancia que separa ese lugar do ecuador.

8 **Os Pireneos, o Sistema Ibérico e o Sistema Costeiro-Catalán rodean a...**

a. depresión do Ebro. **b.** depresión do Guadalquivir. **c.** Meseta.

9 **A institución encargada de elaborar as leis da UE é...**

a. a Comisión Europea.

b. o Parlamento Europeo.

c. o Consello da Unión Europea.

10 **A Constitución española aprobouse en...**

a. 1968. **b.** 1978. **c.** 1983.

11 **O Goberno de España está formado por…**

a. os deputados e os senadores.

b. o presidente e os ministros.

c. o xefe do Estado e o presidente.

12 **Para saber se a poboación aumenta ou diminúe, hai que coñecer o saldo…**

a. natural.

b. migratorio.

c. natural e migratorio.

13 **A Reconquista finalizou no ano…**

a. 711. **b.** 1212. **c.** 1492.

14 **Nos reinos cristiáns medievais, a sociedade organizábase en tres estamentos:**

a. cristiáns, xudeus e mudéxares.

b. nobreza, clero e campesiños.

c. nobreza, privilexiados e non privilexiados.